

DEPUTACIÓN DA CORUÑA
BIBLIOTECA E TURISMO

DIRECCIÓN

Rúa Riego de Agua, 37
15001 A Coruña

TELÉFONO


981 080 176

CORREO ELECTRÓNICO

biblioteca.info@dacoruna.gal

PÁXINA WEB

www.dacoruna.gal/biblioteca



**Relatos e fotografías
dos concellos da
Coruña (8ª ed.)**

**do 1 de xullo ao 31 de agosto
2020**

Bases do concurso

1. Primeira. – Obxecto

O obxecto do concurso é o fomento do talento creativo, a animación á escritura e á lectura, e a difusión do patrimonio cultural e turístico dos concellos da provincia da Coruña, axudando a sensibilizar sobre o patrimonio cultural, natural e medioambiental de cada un, e a importancia de preservalo. Para elo a Biblioteca Provincial xunto coa Sección de Turismo da Deputación da Coruña convocan un concurso de relatos con fotografías.

2. Segunda. – Participantes

Poderán participar tódalas persoas físicas, maiores de idade, usuarios ou non da Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña, de xeito libre. Quedan excluídas todas aquelas persoas con calquera tipo de relación laboral coa Biblioteca Provincial e coa Sección de Turismo da Deputación da Coruña.

3. Terceira. – Formato

Os relatos presentados ambientaranse ou referiranse ao concello da persoa participante, e poderán estar relacionados coa historia local, lendas propias, tradicións do pobo, persoeiros destacados, os valores positivos do concello, a riqueza natural, cultural ou medioambiental do concello, ou calquera outro aspecto que axude a resaltar o patrimonio do concello. Deberán estar escritos en galego ou castelán, ser inéditos e non ter sido presentados en ningún outro concurso. O texto terá unha extensión mínima de 4 folios e máxima de 10, escritos a dobre espazo con letra Times New Roman, en corpo 12, tamaño DIN-A4 e unha soa cara. Presentarase como un arquivo de texto en formato .doc, .docx ou .odt.

O texto acompañarase dun mínimo de 1 e un máximo de 3 fotografías, en formato .jpg con un tamaño máximo de 3 MB, relacionadas co contido do relato e localizadas no concello do participante. Poderán acompañarse dun pe de foto explicativo con un máximo de 15 palabras por foto.

4. Cuarta. – Forma de presentación
A presentación dos relatos deberá ser a través do correo electrónico. Cada participante enviará unha mensaxe a biblioteca.info@dacoruna.gal, co seu nome e apelidos, concello da provincia desde o cal participa e no que se ambienta o relato e as fotografías, teléfono de contacto e enderezo postal.

Deberá enviar como arquivos adxuntos a esta mensaxe o relato en formato .doc, .docx ou .odt, e as fotografías dixitais en formato .jpg con un tamaño máximo de 3 MB.

Cada persoa poderá participar cantas veces queira, enviando un correo electrónico por cada participación.

5. Quinta. - Prazo de presentación

O prazo de presentación das fotografías é do 1 de xullo ao 31 de agosto de 2020, ámbolos dous incluídos. Non se considerarán propostas presentadas fora deste prazo.

6. Sexta. - Xurado

Os relatos e fotografías serán valorados por un xurado especializado, e o seu fallo será inapelable. A valoración basearase en criterios de orixinalidade, calidade na redacción, calidade lingüística e aproximación á temática proposta nas bases Primeira e Terceira. O nome do gañador darase a coñecer no mes de setembro de 2020.

7. Sétima. - Premio

O premio consistirá nunha noite no Parador de Muxía con cea, almorzo e acceso ao spa para dúas persoas.

A data de desfrute do premio será concretada coa persoa gañadora unha vez concedido o premio. Ademais deste premio, entre os participantes de cada concello sortearase un lote de libros e produtos da provincia.

As persoas que resulten galardoadas recibirán a comunicación por teléfono e/ou correo electrónico. Ademais, os nomes das persoas gañadoras comunicaranse a través da páxina web da Biblioteca e das súas redes sociais.

8. Oitava. – Entrega do premio

A entrega do premio terá lugar nun acto público que se celebrará na Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña. Salvo por razóns de forza maior, a persoa gañadora deberá estar presente no acto de entrega do premio.

Os lotes de libros e produtos da provincia a sortear por cada concello serán enviados por correo postal ao enderezo sinalado polos participantes na súa mensaxe de participación, tal e como se solicita na base cuarta.

9. Novena. – Dereitos e deberes

A participación no concurso leva aparellada a autorización para publicar os relatos e as fotografías, xunto co nome e apelidos dos participantes, nos diferentes medios impresos e dixitais que utiliza a Biblioteca, incluídas as redes sociais e a plataforma de préstamo dixital EbiblioDaCoruna.

Os relatos e fotografías presentados ao concurso de xeito incompleto ou que non se axusten ou incumpran as bases, así como aqueles de contido inadecuado, serán excluídos.

A participación no concurso implica a aceptación total destas bases, e que os participantes se fan responsables da autoría e contido dos relatos e as fotografías, que non vulnerarán os dereitos de honra, intimidade persoal / familiar e á propia imaxe de terceiros.